

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN DE CANS DE SALVAMENTO DE GALICIA "CASAGA" EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

REUNIDOS

Dunha banda, Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, que en virtude do seu nomeamento por Decreto 65/2023, do 14 de xuño, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 144/2023, do 9 de novembro, polo que se modifica o Decreto 117/2022, do 23 de xuño Decreto, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (actual Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes).

Doutra, D. Alejandro Barreiro Fernández, presidente da asociación "Cans de Salvamento de Galicia", en nome e representación desta, e en virtude das atribucións que lle confiren os estatutos da asociación (nº 2002/000770-1 do Rexistro de Asociacións de Galicia).

EXPOÑEN

O Decreto 144/2023, do 9 de novembro, polo que se modifica o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, determina que no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pasa a denominarse Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

No Decreto 117/2022, do 23 de xuño recóllense as competencias en materia de protección civil e dispón que esta vicepresidencia e consellería a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de



Galicia), estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Que conforme ao establecido nos artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

O artigo 49 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, que regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, establece como fin principal a colaboración coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección civil.

Que entre os fins da asociación de Cans de Salvamento de Galicia (CASAGA) está a participación nas tarefas na busca e rescate de persoas desaparecidas ou en perigo, nas que os cans xogan un papel preponderante, formando equipos ou colaborando cos equipos existentes.

Que o Servizo de Protección Civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles que teñen un carácter específico e especializado.

Que entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración con CASAGA, coa intervención dos seus equipos caninos, na busca, localización e rescate de persoas desaparecidas ou en perigo.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva na zona norte da provincia da Coruña e Lugo por CASAGA, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, na administración pública galega.

Por isto ámbalas dúas partes,

ACORDAN

Primeiro.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Asociación Cans de Salvamento de Galicia (CASAGA), para colaborar no financiamento das intervencións de esta no apoio das



actuacións de órganos e autoridades competentes en materia de protección civil e emerxencias, na busca e rescate de persoas desaparecidas tanto no ámbito da zona norte da provincia de A Coruña e na provincia de Lugo coma, se fora necesario, noutros espazos xeográficos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Solicitud de colaboración

Sen prexuízo das prestacións que CASAGA, con carácter xeral, pode vir obrigada a realizar pola lexislación sobre protección civil, prestará apoio á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior cando lle sexa requirida a través da Central de Atención de Emerxencias 112-Galicia, participando cos cans adestrados e os seus guías nas situacións que lle son propias, colaborando en accións de busca e rescate de persoas e axustándose ás directrices ditadas pola dirección xeral, que será, en todo momento asesorada polo responsable técnico de CASAGA.

Terceiro. Responsable de asesoramento

CASAGA designará o membro da asociación, que será o responsable de aportar a súa cooperación e asesoramento á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior en todos aqueles problemas operacionais de busca e rescate con cans adestrados nos que a súa competencia técnica sexa necesaria.

Cuarto. Estrutura e organización

CASAGA facilitará á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior información detallada e oportunamente actualizada da estrutura e medios dos que dispón: número e formación dos adestradores, número de cans operativos, número de cans en formación, as súas peculiares características, métodos de posta en acción, ámbito de actuación, sistemas de alerta e calquera outro dato que permita a urxente mobilización dos mesmos no caso de emerxencia.

Quinto. Seguros

CASAGA, deberá contar cun seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra as actividades realizadas, incluíndo a cada un dos cans que formen parte dos equipos de salvamento.

Sexto. Libramentos de fondos

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.06.212A.640.00 e código de proxecto 2015 00122 dos orzamentos do ano 2024, por un importe de dezasete mil euros (17.000 €), o que representa o 100% do proxecto financiable.

Os cargos comprenderán:



- Gastos derivados da asistencia a cursos, reunións e probas que estean relacionadas coas actividades desenvolvidas polo grupo para a súa formación e preparación.
- Manutención, desprazamento e aloxamento dos equipos (cans e guías) de CASAGA.
- Pagamento de seguros dos cans e guías que pertencen aos equipos de rescate e salvamento de CASAGA, así como gastos de atención veterinaria: vacinas, medicamentos, desparasitación e outros.
- Actividades de adestramento, formación e divulgación que os membros da asociación realicen dirixidas a outros grupos ou á poboación en xeral.
- Gastos de vestimenta e material funxible necesario para as intervencións.

Para percibir a cantidade que achega a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, CASAGA presentará os seguintes documentos:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes será de dezasete mil euros (17.000 €), que se reducirá na mesma proporción á cantidade xustificada respecto do orzamento total (anexo I).
- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Consideraranse xustificante de pagamento válido unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo presidente da asociación.
- Para aquelas compras realizadas en metálico, de importe inferior a 1000 €, será suficiente a factura orixinal ou compulsada polas oficinas de rexistro en que figure "pagado" xunto coa sinatura e o número de NIF da persoa encargada da empresa subministradora.
- Documentos de liquidación de gastos de mantemento, desprazamento e loxística, polo cumprimento das actividades do convenio, na que figure tanto a conformidade do presidente da asociación como o "recibín" do perceptor desta compensación.

No caso de non presentarse as facturas suficientes no prazo establecidos ou ben non ser correctas na súa totalidade, verase reducida na mesma proporción que a cantidade xustificada respecto do orzamento total.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte de CASAGA, das obrigas contidas neste convenio.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido CASAGA como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.



Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2024.

Sétimo. Publicidade

En concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia".

Oitavo. Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta que se reunirá polo menos unha vez ao ano, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar, e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior: un subdirector xeral da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e un técnico dependente da mesma.

Por CASAGA: O presidente e o secretario da asociación.

Noveno. Modificación do convenio.

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas partes que asinan este convenio.

Décimo. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- c) Pola non presentación das facturas correctas antes da data estipulada para o termo da súa vixencia

De se resolver o convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, de ser o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas.



Décimo primeiro. Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, poñendo así fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo, dando lugar á súa resolución e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes si fora o caso.

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ao disposto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Décimo segundo. Relación entre as partes

A sinatura do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a entidade que o asina, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de maneira supletoria terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Décimo terceiro. Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décimo cuarto. Vixencia

A data de efectos do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.



Antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un máximo dun ano máis. De prorrogarse o convenio, na correspondente addenda estableceríanse as obrigas concretas das partes asinantes.

En proba de conformidade asíñase o presente convenio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Pola XUNTA DE GALICIA
O vicepresidente primeiro e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Deportes

Por CASAGA
O presidente

Diego Calvo Pouso

Alejandro Barreiro Fernández



ANEXO I

ORZAMENTO GLOBAL ESTIMADO DE PREVISIÓN DE GASTOS

ASOCIACIÓN DE CANS DE SALVAMENTO DE GALICIA

Asistencia a actividades de formación, adestramento e divulgación	3.400 €
Manutención, desprazamentos aloxamento de equipos caninos	3.400 €
Seguros, gastos de atención veterinaria	4.400 €
Gastos de vestimenta e material funxible	2.400 €
Apartado de imprevistos	3.400 €
Total:	17.000 €

